

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONSTITUCIÓN FORMAL DA COMISIÓN ESPECIAL DE QUEIXAS, SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS DO CONCELLO DE AMES

EXPEDIENTE GESTDOC 6870/2020

ANTECEDENTES

O réxime xurídico desta comisión atópase no artigo 132 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) dentro do título X referido os Municipios de Gran Poboación.

O Concello de Ames é un municipio de réxime común e non de gran poboación polo que este órgano non é de existencia preceptiva; non obstante, o pleno do concello ao abeiro do artigo 20 LRBRL acordou a súa creación, dentro do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá.

O artigo 12 do Regulamento orgánico de Participación Cidadá, tras a modificación aprobada o 30.01.2020, ten o seguinte contido:

“Artigo 12. Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións.

Para a defensa dos dereitos da cidadanía o Pleno do Concello creará a Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións integrada por representantes de todos os grupos municipais e concelleiros/as non adscritos/as, de forma proporcional á súa presenza no pleno, co mesmo criterio de composición que as comisións informativas permanentes.

A iniciativa da Presidencia do poderase invitar a asistir as sesións da Comisión a aquel ou aqueles concelleiros que non formen parte da mesma e cuxa presenza se considere oportuna, os cales poderán acudir en calidade de observadores con voz pero sen voto e retribución.

En todo caso, serán obxecto desta invitación os membros do Grupo Mixto, de existir, que non ostenten a representación do grupo.

Excepcionalmente, asistirá o persoal do concello que a Presidencia da Comisión considere conveniente.

A función de Secretaría corresponde á secretaria/o municipal quen levantará acta sucinta dos acordos adoptados.

Para a válida constitución da Comisión será necesaria a asistencia do alcalde/esa ou concelleiro/a no que delegue e o secretario/a. O quórum mínimo de asistencia será de tres membros excluído o secretario/a. As súas reunións terán carácter deliberativo e os acordos serán adoptados por maioría simple.

Corresponde a esta comisión especial defender os dereitos da cidadanía nas súas relacións coa Administración municipal, supervisar a actuación da Administración municipal con proposta de accións de mellora e informar das queixas, reclamacións e suxestións que a veciñanza dirixa ao Concello.

Todos os órganos de goberno e da Administración municipal están obrigados a colaborar coa Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións.

A comisión deberá dar conta no Pleno ordinario do mes de febreiro dun informe anual coa relación das queixas, suxestións ou reclamacións do exercicio anterior, así como das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais, con especificación das queixas, suxestións ou recomendacións non admitidas pola Administración municipal e indicando a causa da inadmisión."

En sesión plenaria de 29.12.2020, prestouse aprobación para a creación da Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións así como a súa composición que será a que a continuación se indica, tendo en conta a actual composición da Corporación:

Presidente: alcalde. A presidencia poderá ser delegada nos termos do artigo 125 ROF.
3 representantes do grupo municipal socialista (incluído o presidente)
2 representantes do grupo municipal popular
1 representante do grupo municipal BNG
1 representante do grupo municipal Contigo Podemos
1 representante do grupo mixto

Será obxecto de invitación os membros do Grupo Mixto, de existir, que non ostenten a representación do grupo, os cales poderán acudir en calidade de observadores con voz pero sen voto e retribución. Excepcionalmente, asistirá o persoal do concello que a presidencia da comisión considere conveniente.

A función de Secretaría corresponde ó titular da secretaría municipal.

Dirixidas comunicacións os grupos municipais para que procedera a designación da súa representación e unha vez achegadas todas as comunicacións, esta Alcaldía no uso das súas atribucións **RESOLVE**:

Primeiro. Constituír formalmente a **Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións do Concello de Ames**, Corporación 2019-2023, que terá a seguinte composición:

Presidente: José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames; a presidencia poderá ser delegada nos termos do artigo 125 do ROF.

3 representantes do grupo municipal socialista: José M. Miñones Conde (presidente), Susana Señorís Rodríguez, Víctor M. Fernández Prieto.

2 representantes do grupo municipal popular: María Oliva Agra Costoya, María Belén Castro Montenegro.

1 representante do grupo municipal BNG: David Santomil Mosquera

1 representante do grupo municipal Contigo Podemos: Vanessa Vidal Freire.

1 representante do grupo Mixto: Enrique Costas Bastero; actuando como representante suplente o concelleiro José Ramón Oulego Erroz.

Segundo. As normas de funcionamento desta Xunta de Voceiros son as que establece o Regulamento Orgánico Municipal (BOP número 67, 8 de maio de 2020 de aprobación definitiva da terceira modificación do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) do Concello de Ames

Terceiro. Publíquese este decreto no portal de transparencia para xeral coñecemento.

Ames, 18 de febreiro de 2021

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo